



Concello de Cangas

Expediente num: 1415/2020

Procedemento: Medidas COVID-19

## DECRETO DA ALCALDÍA

Visto o contido da Orde da Xunta de Galicia do 21 de outubro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que literalmente transcrita dispón:

“3.6. Mercados que desenvolven a súa actividade na vía pública.

*No caso dos mercados que desenvolven a súa actividade na vía pública ao aire libre ou de venda non sedentaria, coñecidos como feiras, non poderán superar o cincuenta por cento dos postos habituais ou autorizados, limitando a afluencia de clientes de maneira que se asegure o mantemento da distancia de seguridade interpersoal.*

*Os concellos poderán aumentar a superficie habilitada ou habilitar novos días para o exercicio desta actividade para compensar esta limitación.*

*Á hora de determinar os comerciantes que poden exercer a súa actividade, o concello poderá dar prioridade a aqueles que comercializan produtos alimenticios e de primeira necesidade, asegurando que os consumidores non manipulen os produtos comercializados neles.”*

Visto que malia terse establecido negociacións cos representantes do sector afectado para determinar as condicións da redución prevista na norma estas resultaron infrutuosas resulta preciso que o Concello adopte a presente resolución ante a inminencia do mercado ambulante de mañá venres 30/10/2020 para dar cumprimento a citada disposición.

Tomando en consideración que a ordenanza municipal reguladora da venda ambulante no termo municipal prevé no seu artigo 5 que o Concello por causa de interese xeral e previo cumprimento dos requisitos establecidos na lexislación vixente, poderá modificar as prescricións deste Regulamento dispoñendo o traslado dos postos de venda a outro ou outros lugares, a redución do número de postos de venda, e incluso a súa total supresión.

En consecuencia procede adoptar a presente resolución en aras do interese xeral (ante o estado actual da pandemia no noso concello e a necesidade de manter as condicións de seguridade entre a cidadanía e en evitación do risco de propagación da enfermidade) e reducir os postos do mercado ambulante permitindo unicamente a apertura dos postos destinados á venda de produtos alimenticios, agropecuarios, plantas e flores de tal xeito que o seu número queda así reducido por debaixo do 50 % que require o previsto no apartado 3.6 da orde de sanidade máis arriba transcrita

Visto canto antecede dentro do marco da normativa de aplicación **DISPOÑO:**

**PRIMEIRO:** Reducir os postos do mercado de venda ambulante de Cangas permitindo unicamente a apertura dos postos do mercado de venda de produtos alimenticios, agropecuarios, plantas e flores que se situarán asegurando o mantemento da distancia de seguridade interpersoal.

**SEGUNDO:** Esta redución entrará en vigor a partir do 30/10/2020, sen prexuízo de que estas medidas poidan ser modificadas segundo a evolución da situación ou de acordo coa normativa

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: 9WCPRLSCTJ5T9AZJYMREQ3ZD | Corrección: <https://cangas.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



**Concello de Cangas**

de aplicación.

TERCEIRO: Aos efectos da aplicación da Ordenanza Fiscal n.º 20, reguladora da taxa por aproveitamentos especiais con instalación de Postos de venda na vía pública, as cantidades cobradas sobre as que proceda efectuar una devolución se compensarán no trimestre seguinte.

CUARTO: Que pola Xefatura da Policía Local que proceda a adoptar as medidas de reforzo de policía locais na quenda correspondente ao mercado do venres 30/10/2020 a efectos de asegurar o cumprimento do disposto na presente resolución e o mantemento das condicións de seguridade durante a celebración do mercado.

QUINTO: Publicar a presente Resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello para o seu xeral coñecemento indicando que contra ela, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante a Alcaldía desta Entidade, no prazo de un mes a contar desde o día seguinte ao da publicación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da citada publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que se poida interpor calquera outro recurso que se puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

## **DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE**



Cod. Validación: 9WCPRLSCTJ5T9AZJYMRREQ3ZD | Corrección: <https://cangas.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2

---

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850